2.- Por acordo Asembleario, de 13 de xaneiro de 2007, a solicitude e obtención de calquera tipo de licencia da F.G. de A. (Organizativa ou Participativa), implicará a cesión de forma expresa nas competicións oficiais, da "Federación Galega de Automobilismo", a todo dereito de imaxe, que en todo caso deben considerarse cedidos á "Federación Galega de Automobilismo" para a súa venta, promoción, e difusión pública do Automobilismo Deportivo de Galicia.

3.- Para garantir a responsabilidade a que houbere lugar da Escudería organizadora, e do participante, e cubrir os danos que se puideran ocasionar nos labores de asistencia, a Xunta Directiva-Comisión Delega aprobou a seguinte normativa de obrigado cumprimento que estará vixente a partir da tempada 2016, inclusive, para as modalidades de Rallyes, Montaña, RallyMix, Autocross, Karting, Trial 4x4, Concentracións, Rallyes 2ª Categoría, Slalom, e outros eventos:

A.- Para cumprimentalas follas das inscricións terase que indicalo nome, apelidos, e número da licencia do membro que faga as labores de asistencia.

B.- O licenciado que se designe como asistencia, de cada participante, non pode desempeñar a mesma función de asistencia para outro participante.

C.- Todo participante que non sinale na folla de inscrición o nome, apelidos, e licencia da súa asistencia, nos termos antes establecidos será penalizado no inicio das probas nos Campionatos antes mencionados coa non autorización a tomala saída.

4.- Tódolos Campionatos, Copas de Galicia, e Fórmulas de Promoción, a partir da tempada 2016, inclusive, serán considerados **"OPEN"**.

ACORDO XUNTA DIRECTIVA-COMISIÓN DELEGADA-ASEMBLEA

Que na reunión extraordinaria da "Xunta Directiva/Comisión Delegada da Federación Galega de Automobilismo" adoptaronse os seguintes acordos por unanimidade:

Que na reunión extraordinaria da "Xunta Directiva/Comisión Delegada da Federación Galega de Automobilismo" adoptaronse os seguintes acordos por unanimidade:

2-Ratifícanse no acordo de asemblea da R.F.E. de A., celebrada no salón de actos do C.S.D., na tarde do 12 de Outubro, sobre o precio unificado e igual que terá que imperar en todalas expedicións da "Licencia Autonómica Única" polas 17 Federacións Autonómicas.

3-Na reunión extraordinaria de Xunta Directiva/Comisión Delegada da "Federación Galega de Automobilismo", adoptou de forma unánime o establecemento de que todos os Campionatos de Automobilismo de Galicia, na temporada 2016, sexan considerados "Open".Asimesmo dito organismo acordou establecer unha inscripción obligatoria os Campionatos para todos aqueles equipos e deportistas que ostenten licencia federativa expedida por **calquera Federación Autonómica que incumplira o acordo adoptado do precio unitario das licencias, acordado e asinado, o pasado 12 de outubro no C.S.D.**

4-O precio de inscrición, para participar nos Campionatos de Galicia de Automobilismo 2016, dos titulares de licencias expedidas polas Federacións Autonómicas que non cumplan o acordo de unificación do precio de licencias **establécese en 190 euros**.

5-As licencias estatais da veciña Portugal serán validas para participar nos Campionatos de Galicia de Automobilismo sen ningún tipo de restrición.

6-Dito acordo será incluido no Anexo I do Anuario federativo, da "Federación Galega de Automobilismo" 2016, e será comunicado a tódalas Federación Autonómicas de Automobilismo do Estado español.

7-Con esta medida preténdese evitar e correxir a competencia desleal do incumplimento que puidera derivarse do acordo de precios de licencias distintos ou inferiores do adoptado no acordo unánime dos presidentes de Federacións Autonómicas e Estatal.

8-É tamén de obrigado cumprimento, para a expedición de calquera tipo de "Licencia Autonómica Única", **a aportación da copia do D.N.I., ou Certificado de Empadroamento,que acredite a vecindad civil aos exclusivos efectos da expedición de licencia pola Federación Autonómica correspondente**.

9-A Federación Autonómica que expida licencias a deportistas, oficiais, etc, non residentes no seu territorio será obxecto de denuncia, pola"Federación Galega de Automobilismo", en tutela dos seus intereses e dereitos.

10-Asimesmo, e como se puso de manifesto na Asemblea da "Real Federación Española de Automobilismo", non serán expedidas nen admitidas, nen forman parte da regulamentación deportiva da "Federación Galega de Automobilismo", as licencias (ER, COR, PPP, PPC, JOM, PPK), que non serán expedidas, nen poden ser aceptadas para participar en competicións oficiais que se celebren en Galicia, posto que, tratándose de Licencias que otorgan dereitos restrinxidos a deportitas, oficiais, etc., e que non permiten a súa intregración plena na "Federación Galega de Automobilismo", incumpren o disposto na Ley 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia.

A mencionada Ley 3/2012 establece no seu Ártigo 28, en canto a expedición e contido das licencias, no seu apartado terceiro, que no caso das licencias federativas, éstas otorgarán o seu titular a condición de membro da correspondente Federación deportiva galega, que o habilita para participar nas súas actividades deportivas e competicións,e acredita a súa integración na Federación deportiva correspondente, con dereito a voto nos procesos electorais da "Federación Galega de Automobilismo".

As licencias que esta Federación non pode expedir, por aplicación legal, impiden que os seus titulares se integren, con plenos dereitos, na "Federación Galega de Automobilismo".

ANEXO II

ENCARGADO DAS RELACIÓNS COS PARTICIPANTES

MISIÓNS PRINCIPAIS. Informar a os concursantes e estar con eles en permanente contacto.
Este cargo terá que ser ocupado obrigatoriamente por un oficial posuidor de licencia expedida pola Federación Galega de Automobilismo, pois implica un perfecto coñecemento da regulamentación xeral. Poderá asistir as reunións do Colexo de Comisarios Deportivos a fin de poder estar informado de tódalas decisións tomadas. A persoa nomeada para as Relacións cos Concursantes debe estar claramente identificada para os pilotos, por eso é convinte:
1) Que leve unha identificación chamativa.
2) Ser presentado a os concursantes durante un briefing.
3) Incluír a súa fotografía e o seu número de teléfono no regulamento particular, ou nun Complemento.
4) Poderá ser auxiliado por un adxunto.

PRESENCIA DO MESMO DURANTE O DESENROLO DA PROBA. O Secretario do meeting, ao abrir a secretaría da proba, debe facer un planning dos lugares nos que estará presente o encargado das relacións cos concursantes, planning que se colocará no taboleiro oficial da proba, e no que se indicará a súa presencia obrigatoria en:
- As Verificacións Administrativas
- As Verificacións Técnicas
- A Secretaría do meeting
- A saída da proba
- Os Parques de Reagrupamento
- Os Parques de fin de etapa
- A proximidade do Parque Pechado cando a chegada Da proba (na medida das súas posibilidades, dependendo do horario da proba).

Función
-Dar a os que o soliciten, respostas precisas as cuestións que se plantexen.
-Dar todas las informacións ou calquera precisión complementaria relativa á regulamentación e ao desenrolo da proba.
Finalidade
Evitar que as demandas cheguen ata o Colexio de Comisarios Deportivos, sempre que se poidan dar explicacións correctas e solicitudes satisfactorias para evitar as reclamacións (exemplo precisa-las dúbidas dos tempos efectuados polos concursantes coa axuda dos cronometradores).
O encargado das relacións cos concursantes, absterase de utilizar palabras ou dar opinións que poidan suscitar polémica.

ANEXO III

1) ORGANIZACIÓN XERAL DA SEGURIDADE
a) Plan de Seguridade:
Debe realizarse un Plan de Seguridade que conteña:
O lugar de ubicación da Dirección de Carreira.
O nome dos diferentes responsables:
- Director de Carreira.
- Directores de Carreira Adxuntos.
- Coordinador Médico.
- Xefe de Seguridade.

Os directores dos diferentes servicios de seguridade:
- Garda Civil.
- Hospital.
- Servicio Médico de Urxencia.
- Bombeiros.
- Servicios de grúas.
- Cruz Roxa.

Itinerario completo con detalle do plan de evacuación.
Plans de seguridade da proba.
b) Xefe de Seguridade Vial: No Regulamento particular da proba nomearase un Xefe de Seguridade Vial, que formará parte do Comité de Organización e participará na realización do plan de seguridade.
Durante o Rallye estará en permanente contacto coa Dirección de Carreira, o Coordinador Médico e a saída da proba (por teléfono ou por radio).
Estará encargado da aplicación do Plan de Seguridade e estará asistido na proba por un Responsable de Seguridade que deberá efectuar a inspección da súa proba e certificar a súa conformidade có Plan de Seguridade.
c) Control: O control do funcionamento das disposicións de seguridade obrigatorias estará baixo a responsabilidade do Director de Carreira.

ANEXO IV

CARAVANA RALLYES/MONTAÑA:

En tódolas probas a celebrar en Galicia muda a caravana de vehículos oficiais, quedando da seguinte maneira:
Megafonía: Sairá ó treito, para informar ós espectadores, 40 minutos antes da saída do número 1.
Xefe de Seguridade Treito: Estará debidamente acreditado no número de participante, e discurrirá polo treito antes da hora de peche, para acomete-lo cierre e certificar ó Xefe de Seguridade Vial a idoneidade e excelencia da seguridade e peche do treito.
Observador Federación: Sairá diante do Xefe de Seguridade Vial para comproba-lo peche e os medios do treito.
Xefe de Seguridade Vial: Estará debidamente acreditado no número de participante, e discurrirá polo treito, despois de ser informado amplamente polo Xefe de Seguridade do Treito, e comprobar que todo está en perfecto orden para o inicio do treito.
Director de Proba na estrada. Vehículo "0" (Verde): Depois de ser informado polo Xefe de Seguridade Vial do rallye dará a orde oportuna para que inicie a súa andadura polo treito o Xefe de Seguridade Vial, e de seguido sairá o mesmo para comprobalas medidas (Protección Civil, Corpos e Forzas de Seguridade do Estado, Radio Afeccionados, Bandeiras, Comisarios de Peche de beirarrúas, Bombeiros, etc.), e o chegar ó final do treito e comprobalas medidas anteditas, vía radio ou teléfono, dará a orde oportuna para que o comisario de saída inicie a súa función.
Vehículos participantes: Acatarán as ordes do Comisario de Saída , e sairán cunha cadencia de 60 segundos a participar no treito.
Xefe de Seguridade Treito: Calquera incidencia ou accidente, ocurrido no transcurso do evento terá que consultar co Director de Proba, na oficina do rallye, para tomar as medidas que lle sexan ordenadas (evacuacións, excarcelacións, desordenes públicos, etc.), e ó telas subsanadas solicitará autorización, ó Director da Proba na oficina, para continuar co desenrolo do treito.
Escoba na estrada. Vehículo "00" (Bermello): Depois de finalizado o paso de todolos participantes, transcurrido o tempo regulamentado, saíra ó treito e recollerá os carnets de ruta dos participantes retirados no mesmo, quedando aberto o treito a circulación dos afeccionados despois do seu paso.
Advertencia: Ningún vehículo de competición poderá exercelas funcións da caravana do rallye quedando terminantemente prohibido utilizalos, a partir da tempada 2010 inclusive, así como da inhabilitación das licencias de piloto e copiloto para actuar nos vehículos anteditos. Todo o persoal que traballe na caravana do rallye terá que ter licencia de oficial OA para facelo seu cometido.
Comisarios Deportivos/Comisarios Técnicos: En todos os rallyes os Presidentes dos Colexios de Deportivos e Técnicos, terán que estar presididos coa cualificación, CD1ª-GA ou JOC1ª-GA, obrigatoriamente.
Nova normativa Comisarios Técnicos: Despois de finalizala súa tarea, o Colexio de Comisarios Técnicos reunirase, e a tenor do estudio das follas de cor amarelo, emitirase unha acta-informe que grapada coas follas, serán entragadas polo Presidente do Colexio de Comisarios Técnicos, debidamente fechada e con hora de entrega, ó Presidente do Colexio de Comisarios Deportivos, con solicitude de sinatura-recibi da entrega na copia.

Nº

CAMPEONATO DE GALICIA DE MONTAÑA
BOLETIN DE INSCRIPCION

Proba: XIX Subida Ciudad de Pontevedra

DATOS	CONCURSANTE	PILOTO	COPILOTO	ASISTENCIA
Nombre				
Apellido 1º				
Apellido2º				
D.N.I.- N.I.F.				
Teléfono				
Licencia	**EC- GA**	**E- GA**	**NV- GA**	**AS- GA**

VEHÍCULO

MARCA E MODELO	MARCA DE NEUMÁTICOS	MATRICULA	C.C.	GRUPO	CLASE

Trofeo ou copa de promoción

O Concursante, declara baixo a súa exclusiva responsabilidade, que o vehículo debe quedar clasificado no grupo e na clase sinalados anteriormente.

Pago de Inscripcións				
Ingreso na conta	Entidade ES09 2080	Oficina 5520	D.C. 95	Numero de Conta 3000003653

Importe Velocidade	275,00 €	Acepta Publicidade facultativa	SI	☐
	550,00 €	Acepta Publicidade facultativa	NON	☐
Importe Regularidade Sport:				
	125,00€	Acepta Publicidade facultativa	SI	☐
	250,00€	Acepta Publicidade facultativa	NON	☐

Cobro de Premios – Opción de Abonos que se solicita					
A	☐ Conta Bancaria para Transferencia de premios	Entidade	Oficina	☐ D.C.	Número de Conta
B	En Metálico	C	Talón Nominativo		

O Concursante suscrito solicita a súa incripción para participar na XIX Subida Ciudad de Pontevedra, declarando coñece-lo regulamento da proba, ó cal se somete aceptando sen ningunha reserva, tanto por si mesmo como polos seus conductores.

Asdo: O Concursante

En _____, a _____ de _____ de 2016

MANUAL DE SEGURIDADE

XIX SUBIDA CIUDAD DE PONTEVEDRA

24 e 25 de Xuño de 2016

ESCUDERIA CIUDAD DE PONTEVEDRA

1.) OBXETIVO E AMBITO DE APLICACIÓN

Este manual de Seguridade ten como obxetivo describir os medios, normas, medidas e plans de actuación previstos para a proba, así como o seu ámbito de aplicación e difusión en materia de seguridade. O seu obxectivo é prevalece-la seguridade tanto dos participantes, como dos oficiais, membros de seguridade, protección civil, Garda Civil, público asistente, así como todo o entorno por onde discorre a proba.

O seu ámbito de aplicación abrangue a tódolos Oficiais e Persoal de organización da proba e en especial, ao persoal que compón a cadena de mando de seguridade.

O presente manual vai dirixido e foi distribuido ao seguinte persoal:

- **Director de carreira**
- **Directores Adxuntos**
- **Comisarios deportivos**
- **Xefe de seguridade vial**
- **Xefe de comisarios de bandeiras**
- **Observador da FGA**
- **Coordinador Médico**
- **Conductores de ambulancias e servicio de evacuación**

2.) DIRECCIÓN DE CARREIRA

O posto de Dirección de carreira, está situado xunto a liña de Saída e está dotado dos instrumentos necesarios para que desenvolvan sen problemas os seus traballos . Asimesmo existirá neste posto unha dependencia específica habilitada como sala de xuntas para o colexio de comisarios deportivos.

Desde esta ubicación, existe comunicación con cada enlace de radio da proba, así como un teléfono de comunicación coa rede exterior.

O Director de Carreira xunto co xefe de seguridade, estarán ao mando e asumirán a responsabilidade do equipo humano desplegado no tramo, os cales estarán dirixidos polos seus respectivos xefes (Xefe de Bandeiras, Xefe de Bombeiros, etc.)

A sua vez, no exterior, atópase un vehículo debidamente identificado, a disposición do director de carreira así como o resto de vehículos de seguridade.

3.) RESPONSABLES DA PROBA E SERVIZOS DE SEGURIDADE

- **Director de Carreira: Florentino Leiro Portela**
- **Director Adxunto: Francisco Javier Leiro Argibay**
- **Coordinador Médico: Team Medical Sport (Iñaki Llamas Fernández)**
- **Xefe de seguridade: Jose A. López Piñeiro**
- **Garda Civil: Teniente**
- **Hospital: Jose Manuel González**
- **Servicio Médico de Urxencia: Ambulancias Pontevedra**
- **Bombeiros: Manuel Torres**
- **Servicio de Grúas: Rafael Méndez**
- **Servicio Protección Civil: Francisco Barral Tripoli**

4.) CADENA DE MANDO:



5.) MEDIOS HUMANOS E MATERIAIS A DISPOSICIÓN DA SEGURIDADE

5.1) CONTROLES EN PISTA

Ó longo do percorrido establécense máis de 20 controles de pista, todos eles dotados de material para as suas correctas función e debidamente señalizados.

O criterio seguido para a ubicación dos controles foi o de manter en todo momento enlace visual entre eles, intentando conseguir que entre tódolos controles sexan capaces de divisar todo o treito.

Además cada punto de control, disporá de enlace por radio con dirección de carreira, colocados de tal xeito que en caso de accidente a situación sexa comunicada de inmediato á dirección de carreira para que tome as decisións pertinentes.

Cada posto estará dotado de

- **Bandeiras**: Para sinalización de incidencias
- **Extintor**: para asistir a calquera vehículo no que se poida producir un incendio. Estos extintores serán de uso prioritario, antes da utilización do propio sistema de extinción do vehículo (sinalizado con unha E xunto o seu corresponte tirador), xa que este tipo de axente extintor pode provocar asfixia, se o piloto está atrapado dentro do habitáculo.
- **Material absorbente de grasas e aceite**: Secala pista tanto de aceite coma de auga, en caso de que o vehículo accidentado, como consecuencia do mesmo comezara a perder líquido de frenos, aceite ou auga do sistema de refrixeración.
- **Cepillo**: Para limpar a pista de calquer tipo de elemento deslizante, como terra ou area, ben excepcionalmente cando se produza un accidente ou de forma ordinaria tras cada manga.
- **Emisora**: Manter informada á dirección de carrera de calquer incidente que poida xurdir durante a proba.
- **Cutter:** No caso de ter que cortar os cintos dalgún vehículo siniestrado, para soltar ao piloto, incluso sin o seu consentimento.
- **Peto:** Imprescindible para distinguir aos comisarios de ruta do resto de público.
- **Manual de procedemento:** Ainda que a maioria do persoal ubicado nos controis, é persoal experto ou está especialmente adestrado para casos de emerxencia, entregarase además de todo o material anteriormente citado, un pequeno manual de actuación co proceder indicado en cada caso.

5.2) SERVICIO CONTRA INCENDIOS E EXCARCELACIÓN

Na liña de saída, xunto co resto de vehículos de seguridade da proba, atoparase tamén un vehículo de extinción de incencios e outro de excarcelación, para unha rápida actuación en caso de ser preciso.

O material de rescate é aportado polo servicio de Bombeiros de Pontevedra e apoiados polos Voluntarios de Protección Civil de Pontevedra.

5.3) SERVICIO DE GRÚAS

O servicio de grúas da proba, conta con unha dotación de dúas plataformas portavehículos colocadas na liña de saída, con unha capacidade mínima de arrastre de 1300 kg e a maiores, cóntarase, con un camión pluma próximo a meta á disposición de dirección de carreira.

A Organización se compromete exclusivamente a retirar o vehículo do lugar onde se atopa, se isto é posible, e depositalo no parque pre-saida ou no parque de chegada, dependendo da vontade do interesado e das necesidades da organización. A retirada do vehículo efectuarase ao rematar a manga correspondente e so ós puntos indicados.

A solicitude de este servicio por parte dos pilotos dos vehículos deberá realizarse a un comisario de ruta que comunicará por radio á dirección de carreira esta solicituda e en todo caso ao xefe de seguridade que supervisará a pista ao finalizar cada manga.

Os pilotos poderán contratar, privadamente, co servicio de grúa o traslado do vehículo a outro lugar que non sexan os asignados pola organización, e sempre tras finalizar as obrigas contraídas polo servicio de grúas coa organización e previa autorización do xefe de seguridade.

5.4) SERVICIO DE AMBULANCIAS

O servicio de ambulancias está composto de dúas unidades, baixo a supervisión do oficial médico. Calquera dos vehículos vai dotado do equipamento propio das súas función e todas estarán en posesión dun itinerario de evacuación adecuado, así como a lista dos hospitais alertados para a posible evacuación de feridos.

5.5 VEHÍCULOS DE INTERVENCIÓN RÁPIDA

Vehículo S: O vehículo de Seguridade Vial (S) irá tripulado polos dóus responsables de seguridade da proba, e irá dotado dos mesmos medios dos que dispoñen os controis de pista, para a intervención rápida en calquera situación ou para axilizar os traballos de limpeza e adecuación do trazado, nun momento dado.

Vehículo R: O vehículo R está tripulado por un conductor/técnico de rescate profesional, máis un enfermeiro colexiado e o Responsable médico da proba e está dotado do material necesario para realizar a asistencia médica in situ dos ferido ata a chegada da ambulancia.

6) SEGURIDADE

6.1) SEGURIDADE PASIVA

- A proba celébrase os días 24 e 25 de Xuño de 2016 segundo o percorrido que figura no regulamento particular. Previamente foron colocados cartéis no percorrido indicando que a estrada vai ser cortada nas datas sinaladas e especificando asimesmo o intervalo horario.
- Tamén foron difundidos con antelación os avances da proba nos que se informa do itinerario, as horas de peche da estrada e advírtese cun croquis e varias ilustracións dos mellores xeitos de presenciar a carreira de forma segura.
- Tódolos accesos a camiños ou entradas ás casas serán pechados con cinta de seguridade e en tódalas curvas e zonas perigosas colocarase cinta de seguridade e carteis de advertencia de “ZONA PERIGOSA PROHÍBIDO AO PÚBLICO”
- Durante os días da carreira o vehículo de megafonía pasará polo trazado informando ao público das medidas de seguridade e solicitando que colaboren en todo momento cos membros da organización.

6.2) SEGURIDADE ACTIVA

- O peche da estrada será realizado por efectivos da Garda Civil de Tráfico para evitar o paso de vehículos.
- En tódalas zonas de moita afluencia de público haberá persoal da Organización debidamente identificados para controlar a sua ubicación.
- A Garda Civil de tráfico será a engargada de pasar coa suficiente antelación para controlar o estado das medidas de seguridade e da ubicación do público e en caso de haber algunha incidencia comunicarao ao Director de Carreira para subsanalo antes do inicio das mangas.
- Contarase con dous vehículos de seguridade (0 e 00) que se encargarán de advertir o inicio e o fin de cada manga.

7) PROTOCOLOS DE ACTUACIÓN

7.1) No suposto de producirse un accidente:

1.1. Sendo coñecedor o director da proba que existen lesionados, dará orde de saída ao coche R, que será acompañado polo xefe de seguridade de treito. Unha vez os lesionados sexan valorados polo MÉDICO, este comunicará ao director da proba a necesidade ou non de evacuación dos feridos, solicitando a saída da UVI Móbil ou da Ambulancia de SVB en función da patoloxía que presente o lesionado. (O coche R, está equipado de materiais necesarios para realizar a asistencia médica in situ ata a chegada da ambulancia para proceder á evacuación do ferido se fose necesario).
1.2. Se se descoñece a existencia de lesionados, o director de carreira procederá da mesma forma que no punto anterior.
1.3. Sendo o director de carreira coñecedor de non existir lesionados, actuará como estime oportuno.

7.2) Á finalización de cada unha das mangas:

Tras a saída do último participante, darase orde de saída (Dirección de Carreira) ao coche R, que realizará a pasada ao treito, se este se encontra con algún participante que ten detido o seu vehículo no treito e Dirección de Carreira (0) non ten constancia deste, o coche R preguntará se vai continuar ou pola contra abandona, a información dada polo deportista será comunicada de forma inmediata a Dirección de Carreira (0).

a) O deportista manifesta que abandona: O Coche R continuará ata meta.

b) O Deportista manifesta que continúa: Se é capaz de continuar en carreira segundo tempos establecidos no regulamento, o coche R esperará o tempo que estime Dirección de Carreira (0) para seguir a META. Unha vez o coche R comunique a chegada a META, poderá dar Dirección de Carreira (0) saída ao coche vasoira (00). Queda totalmente prohibido a saída do coche vasoira (00) ao treito antes da chegada do coche R a META.

8. RELACION DE TELEFONOS DE INTERES

RESPONSABLE	TELEFONO
DIRECCION CARREIRA	606 618 082
DIRECTOR ADXUNTO	630 466 033
GARDA CIVIL TRAF.	986 855 654
EMERXENCIAS	112
AMBULANCIAS	986 10 75 65
INCENDIOS	986 872 005
CHOP	986 800 000
HOSPITAL MIGUEL DOMÍNGUEZ	986 866 296
XEFE SEGURIDAD	667 687 255
XEFE BANDERAS	617 664 750
MEDICO PROBA	672 698 582
META	650 186 244

XIX SUBIDA CIDADE DE PONTEVEDRA
24 e 25 de Xuño de 2016
PLAN XERAL DE SANIDADE

No caso de ter que evacuar algún ferido durante a celebración da proba e baixo as ordes do oficial médico e do director de carreira, o procedemento a seguir será o seguinte:

- As ambulancias estarán situadas nun lugar próximo á liña de saída desde o inicio ata o final da proba; de tal modo que poidan sair sen atrancos no caso de ser movilizadas.
- Dirixiranse ó punto do treito no cal se teña producido o accidente, unha vez teñan recibido o aviso por parte do director de carreira.
- Tras recoller ó accidentado, continuarán a estrada en sentido ascendente ata a meta da proba, continuando no mesmo sentido ata a rotonda e abandoando a mesma en dirección á Reigosa, tomando o cruce á izquierda en dirección Pontevedra. Para unha vez alí, dirixirse a un dos centros hospitalarios a continuación indicados, según orden recibida do oficial médico.

Os centros hospitalarios alertados son:

- Complexo Hospitalario de Pontevedra (Urxencias)
  Lg. Montecelo Mourente s/n
  Pontevedra
  Latitud: 42°25'42.77"N Longitud: 8°36'52.58"O
  Distancia: 7,4 km
  Tiempo aproximado: 11 minutos

- Hospital Miguel Domínguez
  Rua Fray Juan de Navarrete 9
  Pontevedra
  Latitud: 42°25'45.61"N Longitud: 8°38'31.53"O
  Distancia: 9,5 km
  Tiempo aproximado: 16 minutos.

ITINERARIO ALTERNATIVO

En caso de consideralo necesario, o director de carreira ordeará unha ruta alternativa para a evacuación dos feridos do circuito. Esta ruta será a seguinte:

Despois de ter recollido ó ferido, invertirán o sentido da marcha ata a saída da proba, abandoando o circuito e dirixíndose, segundo as indicacións do oficial médico a un dos centros alertados.